

CONSELLO DE GOBERNO

SESIÓN ORDINARIA

Por orde do reitor, prégaselle que, como membro do Consello de Goberno, teña a ben asistir á reunión abaixo consignada, co fin de tratar os asuntos sinalados na orde do día.

LUGAR: Sala 18 (Consello de Goberno) Campus Remoto da Universidade de Vigo, na seguinte ligazón: <https://campusremotouvigo.gal/access/public/meeting/999045618> e presencialmente na **Sala Manolo Ramos** do Edificio Ernestina Otero, **3º andar** (Campus Marcosende-Vigo).

No apartado correspondente a “Acceso estudiantado” encherase o “Nome” co nome e apelidos de cada un (aos efectos de poder computar a asistencia virtual), e o apartado “Contrasinal” coa clave que se remitirá previamente á xuntanza.

Pulsarase a continuación en “Acceder” e seguiranse as instrucións correspondentes. Conectarase a cámara, cando o presidente así o solicite, unicamente aos efectos de poder proceder á identificación de cada membro.

Advírtese que a sesión poderá ser gravada. Para garantir a posibilidade de asistencia dos membros da comunidade universitaria, a sesión transmitirase na contorna virtual da Universidade, pola vía e mediante o acceso que se comuniquen con anterioridade á celebración da xuntanza. Máis información sobre a protección de datos no enderezo electrónico <https://www.uvigo.gal/es/proteccion-datos>

DÍA E HORA: **mércores, 22 de novembro de 2023**, ás **11:30 h.**, en primeira convocatoria, e á **12:00 h.**, en segunda.

Prégase a conexión na primeira convocatoria, para poder proceder axeitadamente coa identificación dos presentes.

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 30 de outubro de 2023.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, da Oferta de Emprego Público para PTXAS da Universidade de Vigo para o ano 2023.
4. Aprobación, se procede, da Oferta de Emprego Público para PDI da Universidade de Vigo para o ano 2023.
5. Aprobación, se procede, da selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de Catedrático/a correspondentes á oferta de emprego do ano 2022, e da creación das prazas correspondentes.
6. Aprobación, se procede, da selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de profesorado Titular de Universidade correspondentes á oferta de emprego do ano 2022, e da creación das prazas correspondentes.
7. Aprobación, se procede, da corrección da Normativa de dedicación e recoñecementos docentes do profesorado.
8. Aprobación, si procede, da modificación do Regulamento de Réxime Interno do Cintex.
9. Aprobación, se procede, da modificación do regulamento de prácticas académicas externas do estudiantado.
10. Aprobación, se procede, do convenios tipo de cooperación educativa para realizar prácticas académicas externas por parte do estudiantado.
11. Aprobación, se procede, do convenio tipo de cooperación educativa para realizar prácticas académicas externas do estudiantado de todos os mestrados do SUG.
12. Aprobación, se procede, da modificación da Normativa de recoñecemento mutuo de créditos ao abeiro de programas de intercambio.
13. Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento de Réxime Interno do Departamento de Tradución e Lingüística.
14. Elección de representantes na Comisión Xeral de Prácticas Académicas Externas⁽¹⁾: 1 estudante.
15. Quenda de intervencións.

A secretaria xeral

(1) As candidaturas poderanse presentar nas Oficinas de Asistencia en Materia de Rexistro do Campus de Vigo-cidade, Campus de Marcosende, Campus de Ourense e de Pontevedra, así como na Sede Electrónica da Universidade de Vigo, ata as **14:00 horas** do día **20 de novembro de 2023**.

CANDIDATURA

Don/Dona: _____
Con DNI: _____
Campus: Vigo / Ourense / Pontevedra
Teléfono: _____ Enderezo electrónico: _____

Presenta a súa candidatura para a:

COMISIÓN XERAL DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS

Coordinador/a de prácticas externas en centros docentes:

- Ámbito: Científico / Tecnolóxico / Xurídico-Social / Humanístico:

PTXAS que forme parte das unidades responsables da xestión administrativa de prácticas curriculares nos centros docentes

- Posto:

- Centro / Servizo:

Estudiante:

- Centro:

-----, ---- de ----- de 2023

Asdo: -----